

APROBACIÓN DA PRIMEIRA ADDENDA AO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Con data do 18 de setembro de 2024 foi aprobado o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, o cal incluía os plans específicos correspondentes aos seguintes centros directivos e entidades instrumentais:

Secretaría Xeral Técnica
Dirección Xeral de Urbanismo
Axencia Galega de Infraestruturas
Instituto Galego da Vivenda e Solo
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Con data do 3 de outubro de 2024, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. aprobou o seu Documento de Compliance, polo que procede neste momento a incorporación do dito documento ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería.

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

ACORDO

incorporar o **Documento de Compliance da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.** ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

María Martínez Allegue

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)

